

## DISPÕÑO:

**Artigo 1.** *Modificación da disposición adicional trixésimo quinta da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.*

Modifícase a disposición adicional trixésimo quinta da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Determinación do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2008.*

De conformidade co establecido no artigo 2.2 do Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) terá as seguintes contías durante 2008:

- a) O IPREM diario, 17,23 euros.
- b) O IPREM mensual, 516,90 euros.
- c) O IPREM anual, 6.202,80 euros.
- d) Nos supostos en que a referencia ao salario mínimo interprofesional foi substituída pola referencia ao IPREM en aplicación do establecido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, a contía anual do IPREM será de 7.236,60 euros cando as correspondentes normas se refiran ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual, salvo que expresamente exclúsen as pagas extraordinarias; neste caso, a contía será de 6.202,80 euros.»

**Artigo 2.** *Concesión dun crédito extraordinario.*

Para atender actuacións de integración dos inmigrantes, concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 19 «Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais», servizo 07 «Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración»; programa 231 H «Integración dos inmigrantes», capítulo 4 «Transferencias correntes»; artigo 45 «A comunidades autónomas»; concepto 455 «Accións de integración a favor dos inmigrantes»; subconcepto 00 «Fondo de apoio á acollida e integración de inmigrantes así como ao seu reforzo educativo», por importe de 200.000.000 euros.

**Artigo 3.** *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública.

**Disposición derradeira primeira.** *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

As contías do IPREM establecidas neste real decreto lei producirán efectos e serán de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008.

Dado en Madrid o 18 de xaneiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE XUSTIZA

978

*REAL DECRETO 1611/2007, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal. («BOE» 17, do 19-1-2008.)*

A Constitución española, tras recoñecer o dereito de fundación para fins de interese xeral (artigo 34), reserva á lei a regulación do seu exercicio con respecto ao contido esencial do dereito (artigo 53.1). O cumprimento desta previsión constitucional instrumentouse en dous corpos normativos. Dunha parte, a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, que regula os aspectos substantivos e procedementais destas entidades, desenvólvida regulamentariamente polo Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal. Doutra parte, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, que dita o réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, desenvólvida, pola súa vez, mediante o Real decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. Hai que sinalar, ademais, que as leis 49/2002, do 23 de decembro, e 50/2002, do 26 de decembro, derrogaron a Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, que disciplinaba nun só corpo legal o réxime xurídico dos entes fundacionais e as vantaxes de carácter impositivo concedidas ás persoas privadas, físicas ou xurídicas (sen limitarse ás de natureza fundacional), polas súas actividades ou achegas económicas en apoio de determinadas finalidades de interese público ou social. Con todo, a Lei 30/1994, do 24 de novembro, foi obxecto dun dobre desenvolvemento regulamentario: dunha parte, en cumprimento do disposto na súa disposición derradeira quinta ditouse o Real decreto 316/1996, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal (que foi derogado polo Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro); doutra, en desenvolvemento do seu artigo 36, ditouse o Real decreto 384/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, que nunca chegou a funcionar na práctica.

O marco regulador das fundacións péchase agora, desde a perspectiva normativa do Estado, facendo uso da habilitación regulamentaria prevista no artigo 36 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, que prevé a existencia dun rexistro de fundacións de competencia estatal dependente do Ministerio de Xustiza, no cal se inscribirán os actos relativos ás fundacións que desenvolvan a súa actividade en todo o territorio do Estado ou principalmente no territorio de máis dunha comunidade autónoma. De forma complementaria, a disposición transitoria cuarta da Lei 50/2002, do 26 de decembro, prevé que, mentres o devandito rexistro non entre en funcionamento, subsistirán os rexistros de fundacións actualmente existentes, declaración que reitera a disposición transitoria única do Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, xa aludido.

O regulamento que se aproba mediante este real decreto permite a posta en funcionamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal ao desenvolver as súas funcións, a súa estrutura, o seu funcionamento e efectos, de acordo coas liñas mestras enunciadas no capítulo VIII da Lei 50/2002, do 26 de decembro (artigos 36 e 37). A opción de política lexislativa finalmente acollida non foi a dun regulamento «de mínimos», no que, sobre unas liñas básicas e esenciais de regulación, entrarían a integrar ou a suplementar a norma outras xa vixentes e de probada efi-

cacia como o Regulamento hipotecario ou o Regulamento do Rexistro Mercantil. Pola contra, este regulamento aspira en boa técnica a ser completo, claro e de fácil manexo, o que non significa, porén, que pretenda ser autosuficiente no sentido de que o seu contido normativo esgote a totalidade de posibilidades que permite a xeneralidade da lei (que pode prever, pola súa vez, diversos desenvolvementos regulamentarios específicos), senón no sentido máis realista de comprender un conxunto de disposicións capaces de conformar un corpo normativo autónomo e intelixible no contexto do grupo normativo a que pertence.

Formulada a opción de política legislativa nestes termos, o Rexistro presenta unha natureza dobre. Así, mentres, por un lado, as fundacións adquiren personalidade xurídica desde o momento da inscrición rexistral da escritura pública da súa constitución, polo outro, o rexistro configúrase como un instrumento ao servizo da Administración, e dentro dela dos diferentes protectorados, aos cales pretende proporcionar información para o desenvolvemento das súas actividades e o exercicio das súas funcións.

Esta dobre natureza preside a enteira regulación do Rexistro de fundacións de competencia estatal.

O capítulo I contén un conxunto de disposicións xerais que abordan desde o seu ámbito de aplicación ata o obxecto e a natureza do Rexistro, pasando pola determinación do réxime xurídico a que deben axustarse os procedementos de inscrición, o establecemento do principio de colaboración e doutros principios rexistrais característicos doutros rexistros de persoas.

O capítulo II, relativo á organización do Rexistro, subdivídese en tres seccións: a primeira, destinada a cuestións xerais, refírese á organización administrativa, ao encargado do rexistro, ao ámbito funcional e subxectivo do rexistro, á súa estrutura e ao sistema de folla persoal; a segunda refírese aos libros do Rexistro, e a terceira aos asentos.

O capítulo III é, entre todos, o máis prolixo. Regula a inscrición das fundacións de competencia estatal, as delegacións de fundacións estranxeiras e as fundacións do sector público estatal, prestando atención aos actos suxeitos a inscrición, aos títulos inscribibles, aos prazos e requisitos formais da documentación, así como á cualificación rexistral, emenda, notificación de actuacións e publicación dos actos inscritos no «Boletín Oficial del Estado». Xunto a isto, quedan regulamentadas as primeiras inscricións, tanto de fundacións de competencia estatal como das delegacións de fundacións estranxeiras e das fundacións do sector público estatal, así como as inscricións posteriores e a súa tipoloxía.

No capítulo IV regúlanse outras funcións do Rexistro, como a legalización dos libros obrigatorios, o nomeamento de auditores de contas ou o depósito e publicidade do plan de actuación e das contas anuais, acompañadas da oportuna documentación complementaria.

O capítulo V leva a cabo a regulación da Sección de denominacións do rexistro, que desenvolve o previsto no artigo 36.3 da Lei 50/2002, do 26 de decembro.

O capítulo VI regula, en desenvolvemento do artigo 37 da Lei 50/2002, o exercicio da publicidade formal que corresponde a un rexistro público, e prevese para tal fin a expedición de certificacións, notas simples informativas ou copias dos asentos e documentos depositados, que se deberán axustar, polo demais, aos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Finalmente, a colaboración do Rexistro de fundacións de competencia estatal cos rexistros de fundacións creados nas comunidades autónomas, cos protectorados – tanto ministeriais como autonómicos– e co Consello Superior de Fundacións, é obxecto de regulación no capítulo VII do regulamento.

Xunto a todo o anterior, o real decreto tamén aborda o réxime das cargas duradeiras, o réxime das actuacións ante-

riores á entrada en funcionamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, o funcionamento provisorio dos rexistros ministeriais existentes, as regras específicas para as fundacións en proceso de constitución, así como dos actos pendentes de inscrición de fundacións xa constituídas e o depósito de contas.

A norma derroga o Real decreto 384/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, e modifica o artigo 17.2 do Regulamento de fundacións de competencia estatal, aprobado polo Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro. Por último, faculta o ministro de Xustiza para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento do regulamento e para acordar, xunto co ministro de Economía e Facenda, a entrada en funcionamento do Rexistro.

Na elaboración desta norma foron consultadas as entidades representativas dos sectores afectados e emitiu informe a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de decembro de 2007,

#### DISP O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal.*

Apróbase o regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Réxime das cargas duradeiras.*

1. Non se poderán inscribir no Rexistro de fundacións de competencia estatal novas cargas duradeiras sobre bens para a realización de fins de interese xeral, nin modificarse a inscrición das existentes.

2. As inscricións de cargas duradeiras actualmente vixentes manteranse nun libro específico do Rexistro de fundacións de competencia estatal ata que se produza a súa cancelación.

Disposición adicional segunda. *Actuacións anteriores á entrada en funcionamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal.*

1. Con anterioridade á súa entrada en funcionamento, trasladaranse ao Rexistro de fundacións de competencia estatal tanto as inscricións practicadas nos rexistros estatais actualmente existentes como a documentación arquivada neles.

2. Co obxecto de que o Rexistro de fundacións de competencia estatal poida dar inmediato cumprimento ao disposto no artigo 36.3 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, os rexistros autonómicos remitirán a aquel unha lista coas denominacións das fundacións inscritas e coas denominacións sobre cuxa utilización exista reserva temporal con indicación da súa data de caducidade.

3. Adoptaranse os mecanismos necesarios, preferentemente de carácter telemático, que permitan, con anterioridade á posta en funcionamento do Rexistro, lograr a coordinación necesaria entre o Rexistro de fundacións de competencia estatal e os distintos rexistros e protectorados, no ámbito da colaboración entre as administracións públicas.

Disposición transitoria primeira. *Funcionamento provisorio dos rexistros ministeriais existentes.*

1. De conformidade co previsto na disposición transitoria cuarta da Lei 50/2002, do 26 de decembro, e na disposición transitoria única do Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal, mentres non entre en funcionamento o Rexistro de fundacións de competencia estatal subsistirán os rexistros ministeriais actualmente existentes.

2. Tras a súa posta en funcionamento, os devanditos rexistros quedarán extinguidos, coa particularidade do traslado a que fai referencia a disposición transitoria segunda.

Disposición transitoria segunda. *Fundacións en proceso de constitución e actos pendentes de inscrición de fundacións xa constituídas.*

1. As fundacións en proceso de constitución, cuxo título fose presentado con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto, así como os actos de fundacións xa constituídas pendentes de inscrición nos rexistros ministeriais no momento de entrada en funcionamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, culminarán o proceso de inscrición de conformidade coa normativa anterior, incluída a resolución dos recursos que corresponda, trasladando logo o expediente completo ao Rexistro de fundacións de competencia estatal.

2. Salvo nos supostos previstos no número anterior, os rexistros ministeriais non poderán practicar ningún outro asento tras a entrada en funcionamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal.

Disposición transitoria terceira. *Depósitos de contas.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto, os rexistradores mercantís procederán ao traslado, en formato electrónico, dos depósitos de contas anuais consolidadas de fundacións de competencia estatal que estean ao seu cargo.

2. Tras a posta en funcionamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, o protectorado depositará as contas anuais das fundacións no devandito rexistro, unha vez examinadas, e comprobada a súa adecuación formal á normativa vixente, sen prexuízo do disposto no artigo 29.2 do Regulamento de fundacións de competencia estatal respecto do depósito das contas anuais consolidadas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas de igual ou menor rango.*

Derrógase o Real decreto 384/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de fundacións de competencia estatal, aprobado polo Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro.*

O artigo 17.2 do Regulamento de fundacións de competencia estatal, aprobado polo Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, queda redactado do seguinte modo:

«2. Están sometidos a un réxime de comunicación, nun prazo máximo de trinta días hábiles posteriores á súa realización, os seguintes actos sobre bens ou dereitos que non formen parte da dotación ou que non se encontren directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais:

a) Os actos de disposición, a título oneroso ou gratuito, cuxo importe sexa superior ao 20 por cento do activo da fundación que resulte do último balance aprobado.

b) Os actos de disposición ou de gravame que recaia sobre bens pertencentes a algunha das seguintes categorías:

1. Bens inmobles.
2. Establecementos mercantís ou industriais.
3. Bens declarados de interese cultural pola

Administración xeral do Estado ou polas comunidades autónomas.».

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltase o ministro de Xustiza para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento deste regulamento.

2. Non obstante o anterior, a data de entrada en funcionamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal disporase mediante orde conxunta do ministro de Economía e Facenda e do ministro de Xustiza.

3. De conformidade co previsto no artigo 61.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Economía e Facenda, poderá autorizar as transferencias de crédito que resulten procedentes desde as seccións orzamentarias onde están actualmente consignados os gastos dos rexistros ministeriais á sección 13 Ministerio de Xustiza.

4. A Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións procederá á aprobación da nova relación de postos de traballo do Ministerio de Xustiza derivada do disposto neste real decreto. A devandita aprobación irá precedida dun estudo das necesidades de persoal, así como das dotacións existentes noutros departamentos que, ata a entrada en vigor deste real decreto, realicen as funcións que agora se asignan ao Rexistro de fundacións de competencia estatal, co obxecto de que a relación de postos de traballo se efectúe por reasignación de efectivos entre os departamentos afectados, de ser o caso, mediante a adscrición prevista no artigo 61 do regulamento xeral aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e o Regulamento do Rexistro de fundacións de competencia estatal, o 1 de outubro de 2008.

Dado en Madrid o 7 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,  
MARIANO FERNÁNDEZ BERMEJO

## REGULAMENTO DO REXISTRO DE FUNDACIÓNS DE COMPETENCIA ESTATAL

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

Este regulamento ten por obxecto regular o Rexistro de fundacións de competencia estatal (de agora en diante, o Rexistro), a súa organización e funcións, o procedemento



de inscrición nel e as súas relacións cos protectorados ministeriais e cos protectorados e rexistros autonómicos.

#### Artigo 2. *Obxecto do Rexistro.*

O Rexistro ten por obxecto a inscrición das fundacións relacionadas no artigo 11 deste regulamento, así como a inscrición, constancia e depósito dos actos, negocios xurídicos e documentos relativos a estas.

#### Artigo 3. *Natureza do Rexistro.*

1. De acordo co disposto no artigo 4 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, as fundacións a que se refire o artigo 11 deste regulamento terán personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública da súa constitución no Rexistro de fundacións de competencia estatal.

2. Sen prexuízo da obrigatoriedade da súa inscrición, as delegacións de fundacións estranxeiras rexeranse, no tocante á súa constitución, pola súa lei persoal.

#### Artigo 4. *Réxime xurídico.*

Os procedementos de inscrición no Rexistro axustáranse ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e neste regulamento.

#### Artigo 5. *Acceso ao Rexistro.*

1. O Rexistro é público para quen teña interese en coñecer o seu contido.

O dereito de acceso ao Rexistro exercerase tendo en conta as previsións que ao respecto se conteñen na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. A publicidade do Rexistro non atinxe os datos referidos aos domicilios das persoas, estado civil e outros datos de carácter persoal que consten na documentación de cada fundación, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### Artigo 6. *Principio de colaboración.*

1. O principio de colaboración fundamentará as relacións entre o Rexistro e os protectorados ministeriais, para o eficaz cumprimento das competencias que teñen atribuídas, de acordo co establecido no capítulo VII deste regulamento.

2. O mesmo principio fundamentará a relación entre o Rexistro e os rexistros e protectorados autonómicos.

#### Artigo 7. *Principios rexistrais.*

O Rexistro, no exercicio da súa función de inscrición, queda sometido aos seguintes principios:

a) Titulación pública: a inscrición no Rexistro practícase, con carácter xeral, en virtude de documento público, conforme o disposto no artigo 25 deste regulamento.

b) Legalidade: o encargado do Rexistro cualificará a legalidade das formas extrínsecas dos documentos de toda clase en cuxa virtude se solicite a inscrición, así como a capacidade e lexitimación dos que os outorguen ou subscriban e a validez do seu contido, polo que resulte deles e dos asentados rexistrais.

c) Lexitimación: o contido do Rexistro presuponse exacto e válido. Os asentados do Rexistro están baixo a salvagarda dos tribunais e producirán os seus efectos mentres non se inscriba a declaración xudicial ou, de ser o caso, a resolución administrativa da súa inexactitude ou

nulidade. A inscrición non valida os actos e contratos que sexan nulos de acordo coas leis.

d) Fe pública: a declaración de inexactitude ou nulidade dos asentados do Rexistro non prexudicará os dereitos de terceiros de boa fe adquiridos conforme dereito.

e) Principio de prioridade: inscrito calquera título no Rexistro, non se poderá inscribir ou anotar ningún outro de igual ou anterior data que resulte oposto ou incompatible con el.

O documento que acceda primeiramente ao Rexistro será preferente sobre os que accedan con posterioridade, e o encargado do Rexistro deberá practicar as operacións rexistrais correspondentes segundo a orde de presentación.

f) Tracto sucesivo:

1.º Para inscribir actos ou contratos relativos a un suxeito inscristible será precisa a inscrición previa do suxeito.

2.º Para inscribir actos ou contratos modificativos ou extintivos doutros outorgados con anterioridade será precisa a inscrición previa destes.

3.º Para inscribir actos ou contratos outorgados por apoderados ou administradores será precisa a inscrición previa destes.

g) Publicidade formal: o Rexistro é público e corresponde ao encargado do Rexistro o tratamento do contido dos asentados rexistrais, de modo que se faga efectiva a súa publicidade directa e se garanta, ao mesmo tempo, a imposibilidade da súa manipulación ou telebaleirado.

Esta publicidade realizarase de acordo co establecido no capítulo V deste regulamento.

## CAPÍTULO II

### Organización do Rexistro

#### SECCIÓN 1.ª CUESTIÓNS XERAIS

#### Artigo 8. *Organización administrativa.*

1. O Rexistro dependerá organicamente do Ministerio de Xustiza e estará adscrito á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

2. Radicará en Madrid e terá carácter único para todo o territorio do Estado.

3. O Rexistro funcionará como unha única instancia nas súas relacións cos protectorados ministeriais e cos rexistros autonómicos.

#### Artigo 9. *Encargado do Rexistro.*

1. O titular da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado será o encargado do Rexistro.

2. Contra ás súas resolucións poderase interpor recurso de alzada perante o secretario de Estado de Xustiza na forma e nos prazos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 10. *Funcións do Rexistro.*

1. Son funcións do Rexistro:

a) A inscrición das fundacións relacionadas no artigo 11 deste regulamento e dos actos relativos a elas que determinan a Lei 50/2002, do 26 de decembro, o Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal e o presente regulamento.

b) A legalización dos libros obrigatorios das fundacións relacionadas no artigo 11 deste regulamento.

c) O nomeamento de auditores de contas.

d) O depósito e publicidade do plan de actuación e das contas anuais, acompañadas, cando proceda, do informe de auditoría e do informe anual sobre o grao de cumprimento dos códigos de conduta para a realización de investimentos temporais a que se refire o artigo 25 do Regulamento de fundacións de competencia estatal, así como calquera outro documento que dispoña a normativa vixente.

A publicidade a que se refire esta alínea enténdese sen prexuízo da que corresponde ao protectorado de acordo co previsto no artigo 42.d) do Real decreto 1337/2005, do 11 de novembro.

e) A expedición de certificacións sobre denominacións, e de certificacións e notas sobre os asentos e documentos que consten no Rexistro.

f) A determinación do protectorado da fundación.

g) A evacuación de consultas cando, a xuízo do encargado do Rexistro, sexan de interese xeral e non supoñan unha precualificación dos actos, negocios ou documentos.

h) Calquera outra función que lle atribúa a normativa vixente.

2. No exercicio das súas atribucións, o Rexistro poderá solicitar a información ou asistencia dos órganos e entidades da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas que exerzan funcións de rexistro e protectorado.

#### Artigo 11. *Suxeitos inscribíbles.*

Deben inscribirse no Rexistro:

a) As fundacións, mesmo laborais, que desenvolvan a súa actividade en todo o territorio do Estado ou principalmente no territorio de máis dunha comunidade autónoma.

b) As delegacións de fundacións estranxeiras que teñan o mesmo ámbito de actuación.

c) As fundacións do sector público estatal, con independencia do seu ámbito territorial de actuación.

#### Artigo 12. *Estrutura do Rexistro.*

1. O Rexistro levará os seguintes libros:

a) Libro diario.

b) Libro de inscricións.

c) Libro de legalizacións.

d) Libro de plans de actuación e contas anuais.

e) Libro de nomeamento de expertos independentes e auditores de contas.

Os libros serán de follas móbiles e poderanse levar en soporte informático coas garantías que determine o Ministerio de Xustiza. Para tal fin, implantaranse as medidas de seguranza establecidas na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. O encargado do Rexistro establecerá a súa organización interna e poderá acordar que se leven outros libros ou arquivos auxiliares.

3. No Rexistro levarase un índice informatizado en que constará a denominación de todas as fundacións de nacionalidade española e de todas as delegacións de fundacións estranxeiras que realicen actividades en territorio español, constituídas conforme o previsto no artigo 7 da Lei 50/2002, do 26 de decembro.

4. Os datos que se reciban dos rexistros autonómicos arquivaranse en soporte informático.

#### Artigo 13. *Sistema de folla persoal.*

O Rexistro levarase mediante o sistema de folla persoal. Abrirán folla rexistral a constitución dunha fundación e o establecemento en España da delegación dunha

fundación estranxeira. A cada nova folla daráselle un número propio.

### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> OS LIBROS

#### Artigo 14. *Libro diario.*

1. O diario de presentación poderase levar en libros encadernados e foliados ou en libros de follas móbiles. En ambos os casos, os folios útiles estarán numerados correlativamente no ángulo superior dereito.

2. Cada folio do diario conterá unha marxe branca para redactar nel as notas marxinais que procedan, separado do resto por dúas liñas verticais formando columna na que se consignará o número do asento.

As notas de cualificación que deban practicarse á marxe do asento de presentación poderanse redactar nun libro independente. Nese caso consignarase na marxe daquel asento a oportuna nota de referencia.

3. Na parte superior de cada folio imprimiranse, no seu lugar respectivo, as seguintes epígrafes: notas marxinais, número dos asentos e asentos de presentación.

#### Artigo 15. *Libros de inscrición.*

No libro de inscrición faranse constar os seguintes datos para a identificación das fundacións:

a) Denominación da fundación.

b) Domicilio da fundación.

c) Ámbito territorial de actuación.

d) Fins da fundación.

e) Dotación.

f) Así mesmo, no ángulo superior dereito da folla constará o número de inscrición da fundación.

#### Artigo 16. *Libro de legalizacións.*

O libro de legalizacións levarase mediante a apertura dunha folla para cada fundación nas cales se fará constar a súa denominación e o seu número de inscrición, a clase de libro legalizado, o número dentro de cada clase e a data de legalización.

#### Artigo 17. *Libro de plans de actuación e contas anuais.*

O libro de plans de actuación e contas anuais levarase mediante follas individualizadas para cada fundación nas cales se fará constar a súa denominación e o seu número de inscrición, o tipo de documento depositado, a data de depósito e o exercicio económico a que corresponda.

#### Artigo 18. *Libro de nomeamento de expertos independentes e de auditores de contas.*

No libro de nomeamento de expertos independentes e de auditores de contas constará o nome e os datos da fundación, o nome do experto ou do auditor, a data do seu nomeamento e os datos de presentación da instancia no libro diario.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> OS ASENTOS

#### Artigo 19. *Clases de asentos.*

Nos libros de Rexistro practicaranse os seguintes asentos:

a) Asento de presentación.

b) Inscricións.

c) Anotacións preventivas.

d) Cancelacións.

e) Notas marxinais.

### Artigo 20. *Ordenación dos asentos.*

1. As inscricións e as súas cancelacións, redactadas nos libros de inscricións, practicaranse na columna da dereita destinada aos asentos, a continuación unha doutra, e enumeraranse de forma correlativa mediante números.

2. As anotacións preventivas e as súas cancelacións practicaranse na forma sinalada para as inscricións e as súas cancelacións, aínda que se sinalarán por letras seguindo unha rigorosa orde alfabética.

3. As notas marxinais practicaranse na marxe esquerda da folla rexistral e expresarase clara e sucintamente a relación que teñan coa inscrición rexistral a que veñan referidas.

### Artigo 21. *Redacción dos asentos.*

1. Os asentos do Rexistro redactaranse en lingua castelá, axustados aos modelos oficiais aprobados e ás instrucións impartidas pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

2. A extensión dos asentos farase de forma sucinta, remitíndose o arquivo correspondente onde conste o documento obxecto de inscrición.

3. Cando nun asento se deban facer constar datos ou circunstancias idénticos aos que aparezan noutro asento da mesma folla rexistral, estes poderán omitirse, facendo referencia suficiente ao practicado con anterioridade.

4. Os asentos practicaranse a continuación uns doutros, inutilizando mediante unha raia os espazos en branco das liñas que non fosen escritas por enteiro.

### Artigo 22. *Contido dos asentos.*

Os asentos de inscrición, de cancelación ou de anotación preventiva conterán, cando menos, as seguintes circunstancias:

- Acta de inscrición ou declaración formal de quedar practicado o asento.
- Natureza, clase, lugar e data do documento.
- Datos da súa autorización ou expedición, así como o nome do notario autorizante ou o xuíz ou funcionario que o expide, no caso dos documentos públicos, ou o nome das persoas que subscriben os documentos privados.
- Data do asento e sinatura do encargado do Rexistro.

### Artigo 23. *Constancia da identidade.*

1. Cando nos asentos se deba facer constar a identidade dunha persoa física, consignaranse:

- O nome e apelidos.
- O estado civil.
- A maioría de idade. Tratándose de menor de idade, indícarase a súa data de nacemento e, de ser o caso, a condición de emancipado.
- A nacionalidade, cando se trate de estranxeiros.
- O domicilio, expresando a rúa e o número ou o lugar de situación, a localidade e o municipio.
- Número do documento nacional de identidade. Tratándose de persoas que carezan da nacionalidade española expresarase o seu número de identidade de estranxeiro, ou, na súa falta, o do seu pasaporte.
- En todo caso, consignarase o número de identificación fiscal, cando se trate de persoas que deban dispor del de acordo coa normativa tributaria.

2. Para a identificación das persoas xurídicas farase constar:

- A razón ou denominación social.
- A nacionalidade, de seren estranxeiras.

c) O domicilio, expresado nos mesmos termos que para a persoa física.

d) O número de identificación fiscal, cando se trate de entidades que deban dispor del de acordo coa normativa tributaria.

## CAPÍTULO III

### Inscrición das fundacións dos seus actos

#### Artigo 24. *Actos suxeitos a inscrición.*

1. Inscibiranse no Rexistro os seguintes actos:

a) A constitución da fundación e os desembolsos sucesivos da dotación inicial.

b) O aumento e a diminución da dotación.

c) O acordo do padroado da fundación polo que se determina o número exacto de patróns, cando non o determinen os estatutos da fundación.

d) O nomeamento e aceptación, renovación, substitución, suspensión e cesamento, por calquera causa, dos membros do padroado, ou dos cargos deste.

e) Os poderes xerais e as delegacións de facultades outorgadas polo padroado así como a súa modificación e revogación. A inscrición de poderes especiais terá carácter potestativo para a fundación.

f) A creación, modificación e supresión dos órganos previstos no número 2 do artigo 16 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, así como o nomeamento, aceptación, renovación, substitución, suspensión e cesamento dos seus membros.

g) O nomeamento polo protectorado da persoa ou persoas que integren provisoriamente o órgano de goberno e representación da fundación no suposto previsto no artigo 18.1 da Lei 50/2002, do 26 de decembro.

h) A designación de expertos independentes e de auditores de contas.

i) A modificación ou nova redacción dos estatutos da fundación.

j) A creación ou supresión de delegacións de fundacións estranxeiras e a designación dos representantes da fundación naquelas, así como os poderes ou facultades que se lles confiran e a súa modificación ou revogación.

k) A fusión das fundacións, xa sexa constituíndo unha nova, xa incorporando unha a outra xa constituída, e a extinción, de ser o caso, das fundacións fusionadas.

l) A resolución xudicial que, conforme o artigo 42 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, autorice a intervención temporal da fundación e a asunción polo protectorado das atribucións legais e estatutarias do padroado, con expresión do prazo fixado polo xuíz e, de ser o caso, da súa prórroga, a cal poderá constar, así mesmo, en anotación preventiva.

m) Calquera das circunstancias a que se refire o artigo 32.3 deste regulamento.

n) A interposición da acción de responsabilidade contra todos ou algún patrón, cando o ordene o xuíz ao admitir a demanda, e a resolución xudicial que se dite para o efecto, que se poderá facer constar, así mesmo, en anotación preventiva.

o) O acordo de extinción ratificado polo protectorado ou, se for o caso, a resolución xudicial de extinción, de acordo co disposto no artigo 32.4, da Lei 50/2002, do 26 de decembro, así como no artigo 38.4 do Regulamento de fundacións de competencia estatal.

p) A liquidación da fundación, que incluírá a acreditación do destino dado aos bens e dereitos, de acordo co disposto no artigo 39.7 do Regulamento de fundacións de competencia estatal.

q) Calquera outro acto que a Lei 50/2002, do 26 de decembro, o Regulamento de fundacións de competencia



estatal, este regulamento ou outras disposicións vixentes declaren inscribíbles.

#### Artigo 25. *Títulos inscribíbles.*

1. A inscrición no Rexistro dos suxeitos previstos no artigo 11 deste regulamento practicarase, con carácter xeral, en virtude de escritura pública.

Quen presente o título a inscrición deberá acreditar representación escrita dos órganos da fundación.

2. Cando a fundación se constituía por acto «mortis causa», o testamento que cumpra os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, será título bastante para a inscrición. Se o testador se limitou a establecer a súa vontade de crear unha fundación e de dispor dos bens e dereitos da dotación, a escritura pública fundacional que conteña os restantes requisitos será outorgada polas persoas previstas no artigo 9.4 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, que incorporará o testamento.

En ambos os casos se presentarán, ademais, os certificados de defunción e de derradeiras vontades do causante.

3. A aceptación do cargo de patrón ou de membro dos órganos previstos no artigo 16.2 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, así como a renuncia ao cargo, inscribírase utilizando para isto calquera das vías previstas no artigo 15.3 da devandita lei.

4. O aumento da dotación mediante achega do fundador, dun patrón ou dun terceiro deberá constar necesariamente en escritura pública, e acreditarse, ademais, ante o notario autorizante a realidade da achega, así como a manifestación da vontade do achegante de que aquela se integre na dotación. Non obstante, cando o aumento da dotación responda á asignación contable de efectivo, mediante un traspaso de contas, a formalización da operación poderase realizar mediante certificación do acordo do padroado, coas sinaturas lexitimadas notarialmente, acompañada do balance que servise de base ao acordo adoptado.

No caso de diminución da dotación, será preciso, ademais, acreditar a autorización previa do protectorado para realizar o acto de disposición que dese lugar a esta.

5. Os actos que procedan de resolución xudicial ou administrativa inscribíranse a través do correspondente documento xudicial ou administrativo.

#### Artigo 26. *Prazo de solicitude de inscrición.*

1. A inscrición dos actos mencionados no artigo 24 deste regulamento deberá ser solicitada polo órgano de goberno das fundacións ao Rexistro no prazo dun mes contado desde a súa adopción, ou da autorización administrativa ou xudicial cando esta sexa necesaria.

2. Se a fundación foi constituída en testamento que deba ser certificado xudicialmente, o devandito prazo contarase a partir da súa protocolización notarial.

Para tal efecto, o notario autorizante da acta de protocolización remitirá ao encargado do Rexistro unha copia autorizada electrónica do devandito instrumento.

3. Se a fundación se constituíu en testamento notarial, a súa inscrición deberá ser solicitada no prazo de seis meses desde a morte do testador, ou desde a delación, achegando unha copia autorizada deste así como os certificados de defunción e de derradeiras vontades.

O herdeiro e, se for o caso, o executor testamentario serán responsables dos prexuízos que deriven do incumprimento desta obriga.

4. Rexerá o disposto na lexislación notarial en canto ás comunicacións dos notarios que autoricen documentos relativos a actos de derradeira vontade ou manifestacións de herdanza en que se constituía unha fundación «mortis causa».

5. As comunicacións notariais co Rexistro serán telemáticas.

6. O incumprimento dos prazos sinalados nos números anteriores porase en coñecemento do protectorado, que, á vista das circunstancias concorrentes, poderá exercer as accións que lle confire o artigo 35.2 da Lei 50/2002, do 26 de decembro.

#### Artigo 27. *Requisitos formais da documentación.*

1. Ao Rexistro teñen acceso os documentos que reúnan as formalidades establecidas legalmente para a súa validez e recollan suficientemente os feitos ou actos que deberán ser obxecto de inscrición, de acordo coa normativa vixente.

2. A copia autorizada da escritura pública en que serán consignadas as correspondentes notas e dilixencias polo encargado do Rexistro irá acompañada dunha copia simple para o seu depósito. No posible, serán utilizadas copias simples notariais electrónicas.

3. Os documentos non notariais presentaranse por duplicado e, se for posible, acompañados do correspondente soporte informático, quedando un dos exemplares arquivado no Rexistro. O outro exemplar será devolto ao interesado con nota relativa ás dilixencias practicadas.

#### Artigo 28. *Cualificación e inscrición rexistral. Emenda e prazos.*

1. O encargado do Rexistro cualificará a legalidade da forma extrínseca dos documentos inscribíbles, e a súa validez material, polo que resulte deles e, de ser o caso, dos asentos do Rexistro, e solicitará do protectorado, unha vez clasificada a fundación, e sempre que se trate da primeira inscrición, a emisión dun informe sobre a idoneidade dos fins e sobre a adecuación e suficiencia dotacional.

A petición do informe a que se fai referencia no parágrafo anterior, así como a súa recepción, deberán ser comunicadas aos interesados.

O encargado do Rexistro poderá solicitar igualmente ao protectorado un informe sobre a adecuación á normativa vixente dos estatutos da fundación que pretenda a inscrición no Rexistro.

2. Conforme establece o artigo 11.2 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, toda disposición ou manifestación da vontade do fundador que sexa contraria á lei terase por non posta, salvo que afecte a validez constitutiva daquela. Neste último caso, non procederá a inscrición da fundación no Rexistro.

3. Se a cualificación for desfavorable por defectos de forma, serán requiridos os interesados para que emenden as deficiencias dentro do prazo de vixencia do asento de presentación, que será de tres meses, con indicación de que, de non o faceren, serán tidos por desistidos da súa solicitude, logo da resolución ditada para o efecto, que se notificará aos interesados. Así mesmo, procederá a anotar no expediente informático aberto á fundación que, por defectos emendables observados na cualificación, se abre un prazo para a súa emenda.

Mediante segunda anotación rexistral farase constar que os defectos foron emendados ou, de ser o caso, que transcorreu o prazo para facelo, e farase referencia á resolución que para tal efecto se dite.

4. Con base en todo o actuado, o encargado do Rexistro adoptará a decisión que corresponda.

5. Ditarase unha resolución motivada en que se denegue a inscrición, que se lles notificará aos interesados, nos supostos seguintes:

a) Cando o informe do protectorado a que se refire o número 1 deste artigo sexa desfavorable.

b) Cando se aprecien defectos na validez dos documentos presentados.

6. De non se apreciaren defectos, o encargado do Rexistro practicará a inscrición no prazo de dous meses contados desde a data de presentación do título no Rexistro. O encargado do Rexistro procederá a cualificar dentro do primeiro mes contado desde a mesma data.

#### Artigo 29. *Notificación das actuacións.*

1. O Rexistro notificará a inscrición ou, de ser o caso, a denegación ou suspensión, a quen presentase o título.

2. O encargado do Rexistro remitirá a quen presentase o título a resolución administrativa ou comunicarlle que a anotación correspondente foi practicada, xunto cun dos exemplares da documentación presentada con dilixencia expresiva do número asignado á fundación, se se trata da primeira inscrición, así como o número do asento, a data e folia rexistral, en calquera caso.

3. O prazo máximo para notificar a resolución será de seis meses cando se trate da primeira inscrición, modificación ou nova redacción de estatutos, fusión e extinción da fundación, e de tres meses para o resto, contados ambos os prazos desde a data de recepción da solicitude no Rexistro de fundacións de competencia estatal.

4. O cómputo do prazo para notificar a resolución expresa suspenderase de acordo co establecido no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Transcorridos os prazos sinalados no número anterior sen notificación da resolución, poderá entenderse estimada a solicitude de inscrición correspondente. En tal caso, a resolución expresa posterior á produción do acto que debe ditar a Administración en virtude do disposto no artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, só poderá ser confirmatoria do devandito acto, conforme dispón o artigo 43.4.a) da citada lei.

6. Igualmente, polo procedemento de comunicación telemática que regulamentariamente se estableza entre o Rexistro e os protectorados, o Rexistro notificará de oficio ao órgano competente do protectorado todas as inscricións de cada fundación cando se trate de actos que requiran a previa intervención daquel.

#### Artigo 30. *Publicación no BOE.*

1. Serán publicadas no BOE as resolucións de inscrición rexistral que se refiran:

- a) Á constitución de fundacións.
- b) Á fusión de fundacións.
- c) Ás modificacións estatutarias.
- d) Á cancelación das fundacións tras ter finalizado o procedemento de liquidación.

2. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá establecer un sistema de publicación conxunta e periódica das circunstancias sinaladas no número anterior coa finalidade de simplificar o proceso de publicación.

#### Artigo 31. *Primeira inscrición de fundacións.*

1. A solicitude de inscrición no Rexistro da primeira inscrición dunha fundación deberá presentarse acompañada da escritura de constitución da fundación ou testamento onde conste a vontade fundacional, co contido exixido polo artigo 10 da Lei 50/2002, do 26 de decembro.

2. A primeira inscrición da fundación comprenderá, polo menos, as seguintes circunstancias:

- a) Denominación e número de identificación fiscal da fundación.
- b) Fins de interese xeral que persiga a fundación.
- c) Domicilio.

d) O nome, apelidos, idade e estado civil dos fundadores, se son persoas físicas, e a razón ou denominación social, se son persoas xurídicas, e en ambos os casos a nacionalidade, o domicilio e o número de identificación fiscal, respectivamente.

e) Estes mesmos datos dos dotantes, caso de seren distintos dos fundadores.

f) Dotación, a súa valoración, así como a forma e realidade da súa achega.

g) Estatutos da fundación.

h) Identificación das persoas que integran o padroado, daqueles que exerzan os cargos de presidente e secretario, e das persoas que integren, de ser o caso, outros órganos de goberno, a súa aceptación, se se efectúa no momento fundacional, cargo que exercen, duración do mandato, delegacións ou apoderamentos xerais.

i) Notario ou autoridade xudicial ou administrativa que autorice ou expida o título que se inscriba, e a data e, de ser o caso, número de protocolo deste.

j) A data de emisión do informe do protectorado sobre fins e suficiencia dotacional a que se refire o número seguinte deste artigo.

k) A identificación e autorización do encargado do Rexistro e a data da inscrición no Rexistro.

3. O encargado do Rexistro solicitará do protectorado correspondente o informe preceptivo sobre a idoneidade dos fins e a adecuación e suficiencia da dotación. Se o informe for favorable, a inscrición só poderá ser denegada cando a escritura constitutiva non se axuste ás demais prescricións establecidas na normativa aplicable.

O protectorado remitirá, por propia iniciativa ou por petición do encargado do Rexistro, un informe non vinculante sobre a adecuación dos estatutos á normativa vixente, que poderá ser tido en conta na cualificación da inscrición da fundación.

4. Cando o encargado do Rexistro encontre indicios racionais de ilicitude penal na constitución dunha fundación, ditará resolución motivada, dará traslado de toda a documentación ao Ministerio Fiscal ou ao órgano xurisdiccional competente e comunicará esta circunstancia á fundación interesada. O procedemento de inscrición quedará suspendido ata que non recaia resolución xudicial firme.

#### Artigo 32. *Primeira inscrición das delegacións de fundacións estranxeiras.*

1. A primeira inscrición de delegacións de fundacións estranxeiras en territorio español farase mediante os documentos, debidamente legalizados ou apostilados, que acrediten a existencia da fundación, os seus estatutos vixentes e a identidade dos titulares dos seus órganos de goberno, así como o documento polo cal se estableza a delegación, de acordo co principio de equivalencia de forma. Así mesmo, achegarase o informe do protectorado sobre a idoneidade dos fins.

O protectorado remitirá, por propia iniciativa ou por petición do encargado do Rexistro, un informe non vinculante sobre a adecuación dos estatutos á normativa vixente, que poderá ser tido en conta na cualificación da inscrición da delegación.

2. O encargado do Rexistro unicamente poderá denegar a inscrición da delegación de fundación estranxeira nos seguintes supostos:

a) Cando a fundación non acredite estar validamente constituída de acordo coa súa lei persoal.

b) Cando o establecemento da delegación non fose acordado polos órganos competentes da fundación estranxeira.

c) Cando a delegación de fundación estranxeira non vaia realizar as súas actividades principalmente en todo o



territorio español ou no territorio de máis dunha comunidade autónoma.

d) Cando o protectorado presente un informe desfavorable sobre o interese xeral dos seus fins.

3. A primeira inscrición da delegación da fundación estranxeira comprenderá, ademais da denominación da fundación e a identidade dos titulares dos seus órganos de goberno, as seguintes circunstancias relativas á delegación:

a) Calquera mención que, de ser o caso, a identifique, que deberá integrar a expresión «Delegación da fundación».

b) O domicilio.

c) As actividades que, de ser o caso, se lle encomendasen.

d) A identidade dos representantes nomeados con carácter permanente para a delegación, con expresión das súas facultades.

e) A data de emisión do informe do protectorado sobre fins.

### Artigo 33. *Inscricións posteriores.*

1. As inscricións sucesivas deberán reflectir os actos que afecten a fundación e as cargas duradeiras inscritas nos rexistros públicos correspondentes dos bens e dereitos que integren a dotación ou dos que estean directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais, con indicación do título, a data e a persoa que o autoriza. Na inscrición destes actos debe figurar a identificación e autorización do encargado do Rexistro.

2. A inscrición destes actos efectuarase mediante a presentación da solicitude acompañada da documentación correspondente aos actos suxeitos a inscrición.

### Artigo 34. *Inscrición de modificacións estatutarias.*

1. A solicitude de inscrición de modificacións estatutarias presentarase acompañada dos seguintes documentos:

a) Copia autorizada da escritura pública de modificación estatutaria, que incorporará o acordo do padroado en que conste a vontade de modificar o texto estatutario e a conveniencia da súa modificación, e a redacción literal dos estatutos modificados.

b) Copia compulsada do escrito de comunicación ao protectorado do acordo do padroado sobre a modificación estatutaria.

c) No suposto de modificación estatutaria acordada xudicialmente, por proposta do protectorado, presentarase o testemuño da resolución xudicial adoptada.

2. Unha vez recibido do protectorado o informe de non oposición á modificación estatutaria ou transcorridos tres meses desde a notificación a este do acordo do padroado sobre a modificación estatutaria, o Rexistro efectuará, de ser o caso, a inscrición rexistral. De o Rexistro recibir notificación do protectorado pola cal se faga constar un informe de oposición á modificación, denegárase a inscrición.

3. O asento de inscrición fará referencia aos artigos modificados ou engadidos, así como, de ser o caso, mención dos que se suprimen ou se substitúen.

### Artigo 35. *Inscrición do nomeamento, substitución e suspensión dos patróns.*

1. A solicitude de inscrición do nomeamento dos patróns da fundación, así como da súa substitución, irá acompañada do documento que acredite o nomeamento e a aceptación expresa do cargo.

2. O asento de inscrición do nomeamento de patróns fará constar:

a) De os patróns seren persoas físicas, os nomes, apelidos, o número do documento nacional de identidade, ou o número de identidade de estranxeiro no caso de persoas que carezan da nacionalidade española, así como a nacionalidade e o domicilio.

b) De os patróns seren persoas xurídicas, a razón ou denominación social, o número de identificación fiscal así como a nacionalidade e o domicilio.

c) O cargo que exercen no padroado.

d) A data da aceptación formal do cargo.

e) A duración do mandato se o nomeamento for por tempo determinado.

3. No suposto de patróns que sexan persoas xurídicas, a aceptación formal do cargo deberá ser efectuada polo órgano que teña atribuída a devandita facultade, que designará a persoa física que a vaia representar no padroado.

4. Na aceptación formal dos patróns designados por razón do cargo que ocuparen deberase informar o Rexistro de fundacións de competencia estatal sobre a identidade do cargo a quen corresponda a súa substitución.

5. A inscrición da suspensión dos patróns será practicada de oficio cando tal suspensión fose acordada cautelarmente polo xuíz, unha vez recibida no Rexistro a correspondente resolución xudicial.

### Artigo 36. *Inscrición do cesamento dos patróns.*

1. A inscrición do cesamento dos patróns por morte, declaración xudicial de falecemento ou extinción da persoa xurídica practícarase por instancia do padroado ou de calquera interesado, en virtude de certificación do Rexistro Civil ou, de ser o caso, do Rexistro Mercantil.

2. A inscrición do cesamento dos patróns por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade practícarase mediante a presentación no Rexistro da correspondente resolución xudicial ou administrativa que declare tal circunstancia.

3. A inscrición do cesamento dos patróns acordado xudicialmente practícarase mediante testemuño da sentenza xudicial firme.

4. Para a inscrición do cesamento de patróns nos supostos que se relacionan a seguir achegarase a acta do padroado ou certificado do secretario, co visto e prace do seu presidente, onde se acredite a concorrencia da causa que corresponda:

a) Cesamento no cargo polo que foi nomeado membro do padroado.

b) Transcurso do período de mandato.

c) Outras causas establecidas nos estatutos.

5. Para a inscrición do cesamento por renuncia presentarase documento público ou documento privado con sinatura lexitimada notarialmente. Se a renuncia se fixer ante o padroado acreditarase mediante certificación expedida polo secretario coa sinatura lexitimada notarialmente. A comparecencia ante o Rexistro para efectuar a renuncia será suficiente para a súa inscrición.

6. O asento de inscrición do cesamento dos patróns fará referencia á causa que a orixinou e á data en que se produciu, remitíndose expresamente, en canto aos datos relativos ao nome, apelidos e cargo das persoas que cesan e demais circunstancias xerais, ao asento rexistral practicado para o seu coñecemento.

### Artigo 37. *Inscrición dos apoderamentos xerais e das delegacións de facultades.*

1. A solicitude de inscrición de apoderamentos xerais e de delegacións de facultades irá acompañada do acordo do padroado relativo ao nomeamento dos apode-

rados xerais ou á delegación de facultades, así como á súa revogación, nun ou varios patróns.

2. O asento de inscrición deberá conter as facultades que se delegan ou a expresión de que se delegan todas as facultades legal e estatutariamente delegables, así como o nome e apelidos e demais datos de identificación, de ser o caso, das persoas designadas para desempeñar as devanditas facultades ou cargos.

O asento de inscrición non se practicará mentres non conste a aceptación expresa daquelas.

3. Cando a delegación de facultades ou apoderamentos se realice noutros órganos colexiados, na inscrición deberase facer remisión expresa ao artigo dos estatutos en que estea prevista a creación dos devanditos órganos, así como ás funcións estatutariamente encomendadas. Para a inscrición presentárase a acta certificada da constitución de tales órganos.

#### Artigo 38. *Inscrición da fusión de fundacións.*

1. A solicitude de inscrición da fusión de fundacións irá acompañada da comunicación que dela se efectuase ao protectorado, así como da escritura pública outorgada por todas as fundacións participantes, salvo que a fusión sexa acordada xudicialmente por proposta do protectorado, caso en que se inscribirá o testemuño correspondente.

2. Transcorrido o prazo de tres meses desde a notificación ao protectorado do acordo do padroado sobre a fusión, e non constando oposición á fusión por aquel, procederase á súa inscrición. Á nova fundación abrírase-lle folla rexistral e practicarase nela unha primeira inscrición en que se recollerán os datos legalmente exixidos para a súa constitución, así como as demais circunstancias do acordo de fusión.

3. Inscrita a fusión, cancelaranse de oficio os asentos das fundacións extinguidas, por medio dun único asento, trasladando literalmente á nova folla os que vaian quedar vixentes, de ser o caso.

4. Se a fusión se verificar por absorción inscribiranse na folla aberta á fundación absorbente as modificacións estatutarias que, de ser o caso, se producisen e as demais circunstancias do acordo de fusión.

#### Artigo 39. *Inscrición da extinción de fundacións.*

1. Naqueles casos en que a fundación se constituíse por un prazo determinado, expirado este redactarase, de oficio ou por instancia de calquera interesado, unha nota na marxe da última inscrición en que se exprese que a fundación quedou disolta.

2. Para a inscrición da extinción das fundacións pola realización íntegra do fin fundacional, por imposibilidade na súa realización ou por calquera outra causa prevista no acto constitutivo ou nos estatutos, achegarase o acordo do padroado en que se declare a extinción e a ratificación do protectorado, ou, de ser o caso, resolución xudicial motivada en que se declare a extinción.

3. Para a inscrición da extinción por calquera outra causa establecida nas leis presentárase a correspondente resolución xudicial motivada.

4. O asento de inscrición da extinción fará referencia á causa que a determina, ás persoas encargadas da liquidación, ás persoas encargadas da execución material dos acordos relativos ao proceso de liquidación, e ás normas que, de ser o caso, fosen acordadas polo padroado de cara á liquidación. Igualmente constará, de proceder, a ratificación do acordo de extinción polo protectorado.

#### Artigo 40. *Cancelación rexistral das fundacións.*

1. Procederase á cancelación da folla aberta á fundación:

a) Cando se produza a súa extinción de pleno dereito por expiración do prazo polo cal foi constituída.

b) Cando se produza a súa extinción mediante acordo do padroado, que se elevará a escritura pública, e ao cal se incorporará a ratificación do protectorado, nos casos previstos nas alíneas b), c) e e) do artigo 31 da Lei 50/2002, do 26 de decembro.

c) Cando se produza a súa extinción mediante resolución xudicial motivada, no caso de que, dándose os supostos previstos das alíneas b), c) e e) do artigo 31 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, non houber acordo do padroado, ou este non for ratificado polo protectorado, ou ben no suposto da alínea f) do devandito artigo.

d) Cando se suprima a delegación de fundación estranxeira de acordo coa súa lei persoal.

2. A escritura pública de fusión que fose acordada nos supostos previstos no artigo 30 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, ou a resolución xudicial que a ordene serán título suficiente para a cancelación da folla aberta ás fundacións absorbidas ou ás que se extingan para a creación dunha nova.

3. Nos casos de alteración do ámbito territorial de actuación da fundación que implique un cambio de rexistro, seguiranse os trámites previstos para as modificacións estatutarias, e o encargado do Rexistro procederá a notificar, de oficio, ao rexistro autonómico correspondente tal circunstancia para que proceda á inscrición da fundación nese rexistro. Unha vez que se notifique ao Rexistro a inscrición sinalada, procederase á cancelación da folla e ao traslado, de oficio, dunha copia dela ao rexistro autonómico competente.

#### Artigo 41. *Inscrición de liquidación das fundacións.*

1. Na inscrición do nomeamento de liquidadores, que poderá ser simultáneo ou posterior ao da inscrición da extinción da fundación, farase constar a súa identidade, o modo en que deberán exercitar as súas facultades e, de ser o caso, o prazo para o que foron nomeados.

A inscrición da liquidación fará constar os apoderamentos ou delegacións acordados polo padroado para levar a cabo a execución material dos acordos relativos ao proceso de liquidación. Igualmente, farase constar a identidade das persoas apoderadas ou nas cales se delegase a devandita execución.

2. A inscrición da liquidación fará constar o destino dado aos bens e dereitos resultantes dela, e citarase expresamente as fundacións ou entidades non lucrativas privadas beneficiarias, detallando se estas foron designadas no negocio fundacional ou nos estatutos da fundación extinguida, se o foron polo padroado ao ter recoñecida a devandita facultade polo fundador, polos estatutos, ou, por último, se a designación a efectuou o protectorado.

Así mesmo, deberánse citar expresamente as entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral cando sexan destinatarias dos bens e dereitos resultantes da liquidación.

3. Inscrita a extinción e posterior liquidación de acordo co disposto no número anterior, cancelaranse de oficio os asentos da fundación extinguida.

## CAPÍTULO IV

### Outras funcións do Rexistro

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> LEGALIZACIÓN DOS LIBROS

#### Artigo 42. *Legalización dos libros.*

1. Corresponde ao Rexistro a legalización dos libros das fundacións relacionadas no artigo 11 deste regulamento.

2. A obriga de legalización esténdese ao libro de actas, ao libro diario e ao libro de plans de actuación e de contas anuais.

3. A legalización dos libros terá lugar mediante dilixencia e selo.

A dilixencia, asinada polo encargado do Rexistro, redactarase no primeiro folio. Nela identificarase a fundación e incluíranse, de ser o caso, os seus datos rexistrals, e expresarase a clase de libro, o número que corresponda dentro dos da mesma clase, o número de follas e o sistema e contido da súa selaxe.

O selo porase en todos os folios mediante impresión ou estampillado, perforación mecánica ou por calquera outro procedemento que garanta a autenticidade da legalización.

4. Non se poderán habilitar novos libros se previamente non se acreditar a utilización íntegra do anterior, salvo que denunciase a súa subtracción ou se consignase en acto notarial o seu extravío ou destrución.

5. Practicada ou denegada a legalización dos libros, tomarase razón desta circunstancia na folla de legalizacións, redactando as notas oportunas ao pé da solicitude, cuxa copia se devolverá ao interesado acompañada dos libros legalizados. O orixinal da solicitude será arquivado.

6. Os libros non serán legalizados ata que se practique a primeira inscrición da fundación no Rexistro.

7. A legalización dos libros deberase producir dentro dos quince días seguintes ao da presentación da solicitude.

#### Artigo 43. *Requisitos dos libros para a súa legalización.*

1. Os libros, xa estean encadernados ou formados por follas móbiles, deberán estar completamente en branco e os seus folios, numerados correlativamente.

2. Os libros obrigatorios formados por follas encadernadas con posterioridade á realización nelas de asentos e anotacións por calquera procedemento idóneo deberán estar encadernados de modo que non sexa posible a substitución dos folios. Terán o primeiro folio en branco e os demais, numerados correlativamente e pola orde cronolóxica que corresponda aos asentos e anotacións practicados neles. Os espazos en branco deberán estar convenientemente anulados.

3. Os libros obrigatorios deberán ser presentados para a súa legalización antes de que transcorran os catro meses seguintes á data de peche do exercicio. De se solicitar a legalización fóra de prazo, o encargado do Rexistro farao constar así na dilixencia do libro e no asento correspondente da folla de legalizacións.

#### Artigo 44. *Solicitude de legalización.*

Na solicitude de legalización dos libros obrigatorios constarán necesariamente os seguintes datos:

a) Nome e apelidos do solicitante, denominación da fundación, datos de identificación rexistral e domicilio. De se tratar de persoas físicas que carezan da nacionalidade española, deberán constar, ademais dos datos sinalados, a nacionalidade e o número de identidade de estranxeiro ou, no seu defecto, do pasaporte.

b) Relación de libros cuxa legalización se solicita, con expresión de se se atopan en branco ou se foron formados mediante a encadernación de follas xa anotadas, así como o número de follas de que se compón cada libro.

c) Data de apertura e, de ser o caso, de peche dos últimos libros legalizados da mesma clase daqueles cuxa legalización se solicita.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> NOMEAMENTO DE AUDITORES DE CONTAS E DEPÓSITO DA DOCUMENTACIÓN

##### Artigo 45. *Nomeamento de auditores de contas.*

1. O encargado do Rexistro procederá ao nomeamento de auditores de contas nos casos e termos previstos no artigo 25 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, e no artigo 31 do Regulamento de fundacións de competencia estatal.

2. A solicitude de nomeamento deberá recoller, cando menos, as circunstancias seguintes:

a) Identificación do solicitante, con indicación da circunstancia que lle outorga lexitimación para instar o nomeamento ao encargado do Rexistro.

b) Denominación e datos de identificación rexistral da fundación, así como o seu domicilio.

c) Causa da solicitude.

d) Data da solicitude.

A solicitude deberá ir acompañada, de ser o caso, dos documentos acreditativos da lexitimación do solicitante.

3. A designación de auditor de contas deberá recaer en persoa física ou xurídica que figure inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

##### Artigo 46. *Depósito de documentación e constancia de actos, documentos e negocios xurídicos.*

1. O protectorado remitirá ao Rexistro, para o seu depósito, os seguintes documentos:

a) As contas anuais aprobadas polo padroado da fundación, unha vez examinadas e comprobada polo protectorado a súa adecuación formal á normativa vixente, así como o informe anual sobre o grao de cumprimento dos códigos de conduta para a realización de investimentos temporais a que se refire o artigo 25 do Regulamento de fundacións de competencia estatal.

b) O informe de auditoría, tanto nos casos en que a fundación estea obrigada a isto de conformidade co artigo 25.5 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, como naqueles en que o padroado acordase someter voluntariamente a auditoría as contas da fundación.

c) O plan de actuación, no cal quedarán reflectidos os obxectivos e as actividades que se prevexa desenvolver no exercicio seguinte.

Estes documentos deberán ir acompañados dunha certificación do acordo aprobatorio do padroado, emitida polo secretario, co visto e prace do presidente, que acreditará a súa identidade por calquera dos medios admitidos en dereito.

2. Unha vez recibida a documentación anterior, o Rexistro terá por efectuado o depósito e practicará o correspondente asento, ao cal se fará referencia na folla de inscricións da fundación e na documentación contable presentada, no prazo de dous meses desde a recepción.

3. O depósito poderase realizar en formato electrónico, logo da correspondente autorización da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

4. Constarán, así mesmo, no Rexistro:

a) Os nomes de dominio ou enderezos da internet rexistrados de acordo co artigo 9 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade de información e do comercio electrónico.

b) Unha relación dos alleamentos ou gravames que o padroado remitirá anualmente ao Rexistro, para a súa constancia nel, de conformidade co disposto no artigo 21.4 da Lei 50/2002, do 26 de decembro. A relación deberá ser subscrita polo secretario do padroado e levar o visto e prace do presidente.



c) Outros documentos, actos e negocios xurídicos, cando así o estableza a normativa vixente.

5. De conformidade co artigo 25.7 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, a publicidade das contas anuais corresponde ao Rexistro, e calquera persoa poderá obter información dos documentos depositados.

6. O Rexistro conservará en formato electrónico as contas anuais e mais os documentos complementarios depositados durante seis anos desde a súa recepción.

## CAPÍTULO V

### Da Sección de denominacións

Artigo 47. *Contido da Sección de denominacións.*

O Rexistro formará un índice coas denominacións das fundacións inscritas nel e as fundacións inscritas nos rexistros autonómicos así como coas delegacións de fundacións estranxeiras que realicen actividades no territorio español.

No índice faranse constar igualmente as denominacións sobre cuxa utilización exista reserva temporal.

Artigo 48. *Autorización de nome ou denominación.*

A autorización de uso do nome ou pseudónimo dunha persoa física ou da denominación ou acrónimo dunha persoa xurídica distintos do fundador deberá ser formalizada por parte do autorizante ou do seu representante legal en escritura pública, á que se lle xuntará a solicitude de certificación de denominación negativa.

Artigo 49. *Certificación de denominación.*

1. O encargado do Rexistro expedirá as certificacións de denominación, nas cales expresará exclusivamente se existe ou non unha denominación idéntica ou semellante no índice de denominacións. Para isto terá en conta o establecido no artigo 3 do Regulamento de fundacións de competencia estatal.

2. Na solicitude de certificación de denominación faranse constar, ademais da denominación con que se pretende inscribir a fundación no Rexistro, os fins, as actividades e o seu ámbito territorial, tal e como constarán nos estatutos.

3. Á vista da solicitude, o encargado do Rexistro decidirá o protectorado competente para exercer as funcións no proceso de constitución. Co obxecto de resolver as posibles dúbidas que puideren xurdir no momento de adoptar a devandita decisión debido á natureza dos fins, o encargado do Rexistro poderá solicitar o informe non vinculante daqueles protectorados que considere oportuno.

Artigo 50. *Certificación negativa de denominación.*

1. O notario non poderá autorizar escritura de constitución ou de modificación de denominación sen que se presente a correspondente certificación negativa de denominación. A denominación que se exprese na escritura pública deberá coincidir exactamente coa que conste na certificación negativa expedida polo encargado do Rexistro.

En caso de fusión, a fundación absorbente ou a nova fundación resultante da fusión poderán adoptar como denominación a de calquera das que se extingan en virtude da fusión, sen que resulte necesaria a achega da certificación negativa e quedando sen efecto as restantes denominacións.

2. A certificación presentada ao notario autorizante deberá ser orixinal, estar vixente e estar expedida a nome

de calquera das persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que sexan fundadores.

No suposto de modificación da denominación, a certificación será expedida a nome da propia fundación.

A certificación negativa terá unha vixencia de tres meses, contados desde a data da súa expedición ata a súa incorporación á súa escritura de constitución.

Caducada a certificación, o interesado poderá solicitar unha nova coa mesma denominación. Á solicitude deberalle xuntar a certificación caducada.

3. A certificación negativa deberase protocolizar na escritura matriz.

Artigo 51. *Reserva temporal de denominación.*

1. Cando o encargado do Rexistro expida unha certificación negativa, incorporará provisoriamente a denominación solicitada ao índice de denominacións.

A denominación provisoria rexistrada caducará e cancelarse de oficio cando transcorran seis meses desde a data de expedición da certificación negativa sen recibirse no Rexistro unha solicitude de inscrición da fundación ou delegación estranxeira ou de cambio de denominación, ou unha comunicación destas circunstancias procedente dalgún rexistro autonómico de fundacións.

2. Unha vez inscrita a fundación ou unha delegación dunha fundación estranxeira, a denominación provisoria converterase en definitiva.

Artigo 52. *Cancelación de denominacións.*

As denominacións definitivas cancelaranse nos seguintes casos:

a) En caso de cambio de denominación dunha fundación, a denominación anterior caducará desde a data da inscrición da modificación no Rexistro.

b) En caso de cancelación da folla correspondente a unha fundación ou a unha delegación estranxeira no Rexistro ou en calquera dos rexistros autonómicos, excepto que esta obedeza ao mero traslado a outro rexistro de fundacións dos mencionados, con motivo da modificación do ámbito territorial en que principalmente vaia desenvolver as súas actividades.

## CAPÍTULO VI

### Publicidade do Rexistro

Artigo 53. *Publicidade formal.*

1. O Rexistro é público.

2. A publicidade farase efectiva por certificación do contido dos asentos expedida polo encargado do Rexistro, por nota simple informativa ou por copia dos asentos e dos documentos depositados no Rexistro preferentemente por medios telemáticos. En todo caso, a publicidade formal axustarase aos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e na específica sobre acceso a rexistros administrativos.

3. A información obtida do Rexistro non poderá ser tratada para fins que resulten incompatibles co principio de publicidade formal que xustificou a súa obtención. O encargado do Rexistro velará polo cumprimento das normas vixentes nas solicitudes de publicidade en masa ou que afecten os datos persoais sinalados nos asentos.

Artigo 54. *Certificacións.*

1. Corresponderalle exclusivamente ao encargado do Rexistro a facultade de certificar os asentos do Rexistro e dos documentos arquivados ou depositados nel.

2. As certificacións constitúen o único medio de acreditar, de forma que faga fe, o contido dos asentos do Rexistro. En ningún caso se poderán expedir certificacións sobre datos de fundacións inscritas noutros rexistros de fundacións.

3. As certificacións poderanse solicitar por calquera medio que permita a constancia da solicitude realizada e a identidade do solicitante.

4. As certificacións, debidamente asinadas polo encargado do Rexistro, expediranse no prazo de cinco días contados desde a data en que se presente a súa solicitude.

#### Artigo 55. *Clases de certificación e de nota.*

Tanto a certificación como a nota poderán ser literais ou en extracto, e referirse a todos os asentos relativos a unha fundación ou só a algún ou algúns deles. Poderán ser expedidas en formato electrónico.

As notas serán expedidas no prazo de tres días desde a súa solicitude.

## CAPÍTULO VII

### Principio de colaboración

#### Artigo 56. *Colaboración entre o Rexistro e os rexistros autónomos.*

1. As relacións entre o Rexistro e os rexistros de fundacións das comunidades autónomas rexeranse polo principio de lealdade institucional. En consecuencia, ambos os rexistros deberán:

a) Facilitar aos outros rexistros de fundacións cantos datos, documentos ou medios probatorios estean á súa disposición e se precisen para o exercicio das súas propias competencias.

b) Prestar a cooperación e asistencia activas que os outros rexistros puideren solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

2. Os intercambios de documentación e datos entre os rexistros de fundacións deberanse realizar por medios telemáticos. Para estes efectos, a Comisión de Cooperación e Información Rexistral establecerá as condicións xerais, os requisitos e as características técnicas das comunicacións e dos distintos documentos.

#### Artigo 57. *Fluxos de información entre rexistros en materia de denominacións.*

Para efectos de dar cumprimento ao disposto no capítulo V deste regulamento, asegurárase o fluxo de información entre os rexistros das comunidades autónomas e o Rexistro e entre este e aqueles, en relación con denominacións utilizadas ou meramente reservadas polas fundacións inscritas nos devanditos rexistros.

#### Artigo 58. *Colaboración cos protectorados.*

1. O Rexistro comunicará de oficio ao protectorado todas as inscricións de cada fundación cando se trate de actos que requiran a intervención previa daquel.

2. Sempre que sexa conveniente, o Rexistro poderá solicitar información aos protectorados ministeriais e aos protectorados das comunidades autónomas.

3. Estableceranse os procedementos polos que os protectorados poidan ter acceso á publicidade do Rexistro.

#### Artículo 59. *Colaboración co Consello Superior de Fundacións.*

1. O Rexistro e os departamentos que exerzan os protectorados das fundacións facilitarán ao Consello Superior de Fundacións canta documentación e información relativa a estas sexa necesaria para o debido exercicio das súas funcións.

2. O Rexistro poderá solicitar informe ao Consello Superior de Fundacións. A consulta versará sobre aqueles aspectos relacionados coas funcións que o Rexistro ten normativamente atribuídas.

## 979

*REAL DECRETO 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. («BOE» 17, do 19-1-2008.)*

A actual Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adaptou o noso ordenamento ao disposto pola Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de outubro de 1995, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e derogou, pola súa vez, a ata entón vixente Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal.

A nova lei, que naceu cunha ampla vocación de xeneralidade, prevé no seu artigo 1 que «ten por obxecto garantir e protexer, no que concirne ao tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente da súa honra e intimidade persoal». Comprende, por tanto, o tratamento automatizado e o non automatizado dos datos de carácter persoal.

Co fin de garantir a necesaria seguranza xurídica nun ámbito tan sensible para os dereitos fundamentais como o da protección de datos, o lexislador declarou subsistentes as normas regulamentarias existentes e, en especial, os reais decretos 428/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia de Protección de Datos; 1332/1994, do 20 de xuño, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal; e 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguranza dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, á vez que habilitou o Goberno para aprobar ou modificar as disposicións regulamentarias necesarias para a aplicación e desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999.

Por outra parte, a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, e a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, atribúenlle competencias en materia sancionadora á Axencia Española de Protección de Datos. Estas requiren de desenvolvemento regulamentario coa peculiaridade de que ambas as normas se orientan á tutela non só dos dereitos das persoas físicas, senón tamén das xurídicas.

## II

Este regulamento comparte coa lei orgánica a finalidade de facer fronte aos riscos que para os dereitos da personalidade poden supor a captación e tratamento de datos persoais. Por iso, cómpre destacar que esta norma regulamentaria nace coa vocación de non reiterar os contidos da norma superior e de desenvolver non só os mandatos contidos na lei orgánica de acordo cos principios que emanan da directiva, senón tamén aqueles que nes-